

**Resumo do Traballo de Fin de Grao**

O principal obxectivo de este traballo é obter unha nova páxina Web para divulgar a información correspondente ao proxecto existente “A Represión na Provincia de Ourense” (froito do traballo de investigación dun grupo de docentes e investigadores tanto da Facultade de Historia da Universidade de Vigo, como outros investigadores, e coa colaboración de varias entidades locais, provinciais e autonómicas). A información de dito proxecto está actualmente xa plasmada nunha contorna web da que non existe ningún tipo de documentación, manual de usuario ou indicacións para o seu correcto uso e/ou mantemento. Ademais a tecnoloxía usada na súa confección é anticuada polo que o seu mantemento é complexo.

A falla de documentación para poder actualizar este proxecto supón un atranco no proceso divulgativo das investigacións que se están levando a cabo mediante a recolla de documentación de todas as fontes de información posibles que segue o equipo investigador asociado a este proxecto.

Deste xeito o obxectivo fundamental deste traballo fin de grado, será analizar e documentar o código existente (corrixindo erros que se atopen e actualizando o contido que sexa preciso). Incluso se prevé a posibilidade de facer unha nova páxina desde cero se fose necesario.

En calquera caso, xa se identificaron as seguintes funcionalidades que sería imprescindible incorporar á páxina: nova funcionalidade “represariados económicos” (engadir o contido á base de datos e amosar as buscas da información presentándoa segundo o formato elexido polos investigadores) e normalizar as táboas existentes que conforman a base de datos.

Para realizar estas tarefas serán usadas ferramentas de bases de datos (xestores de bases de datos), editores de código web (preferentemente software libre), ferramentas de modelado de código, e de ser o caso ferramentas que axuden a reenxeñaría do código existente, así como todas aquelas que poidan axudar a documentar o proxecto.

Ourense, 23 de Novembro de 2018

